

## Febreiro

O "Agnus Dei" dunha nai  
de Dorotea Bárcena e Xulio Lago

## Maio

"Abraham e Samuel". De Victor Haim.  
Poñendo en xogo unha mistura de humor e crueldade, unha gran ironía interpretativa que unhas veces recorda a Brecht e outras veces aparece tremendamente cáustica e amarga, Victor Haim pon en cuestión carquer argumento, incluído o nacionalismo, que enturbie unha realidade socioeconómica.


Por riba da igualdade de raza ou de nacionalidade, aparecen, están, as razóns de clase. Abraham e Samuel son xudíos. Abraham intenta constantemente a manipulación deste feito, da solidariedade de raza, do nacionalismo xudío. Por riba diso, aparece sempre a máis simple das verdades: Samuel traballa pra Abraham.

O marxen dunha gran beleza plástica i estética, dun espectáculo de profundidade conceptual, Abraham e Samuel é un traballo rico literariamente, amargo e crítico, pero insultantemente divertido.

## Novembro

'Feitos e desfeitos dun bispo e unha rainha'  
de Dorotea Bárcena.

Ista historia desenrólase no século XII, onde a panorámica dos distintos reinos ibéricos tiña un certo xeito de mosaico poboado por unha enchenta de etnias atrincheradas cada unha delas no seu azullexo. E tamen o século en que a Castela escomenza a súa laboura de colonización pra se erexir co poder total da península. E precisamente foron os reinos de Galicia e Leon cos que escomenzaron a lista de nacións anexionadas polos guerreiros castelans. E tamen o século do arcebispo Gelmirez. Cada un dos días deste século poideron cambear a nosa historia.



"¿Escorrentádesme por iso, fillos da máis grande? ¡Bailarei en camisa e bailarei en coiros!"

MARI-GAILA. "DIVINAS PALABRAS".  
VALLE-INCLAN.

ENDEREZO:  
Camiño de Bornais. Santa Lucia.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tno. 59 84 27

# O "AGNUS DEI" DUNHA NAI

As veces, xogamos.

Xogamos con códigos dramáticos, interpretamos con códigos dramáticos, feitos concretos.

Adentrámonos nun feito dramático: "O Agnus Dei dunha nai". Facémolo con ledicia, con ansia, porque o código a utilizar preséntase diante de nos con forza desafiante, con atractivo insultante, coma un imán xigantesco.

Atopámonos pouco a pouco, con dous persoaxes que van tomando forma e demandando cousas. Xa van sendo corpos que se moven e piden, caseque homildosamente, un vestido que poñerse. E dámosllo. E logo pediron outros máis, e tamen.

E xa tíñamos na escea unha NAI e unha FILLA. Escomenzaron a falar máis forte, sobor de todo a nai e pedíu máis vestidos e dimosllos. E luz, e sombra, e música, e palabra.

E foi medrando, e afixose a alimentarse de nos, e a chucharnos a nosa vitalidade, e tivemos que pensar pra ela, e traballar pra ela, e sufrir por ela e pra ela. E cando lle petou, quixo berrar e berrou; e logo quixo gozar e fixoo. Pero ela soia. Nin á filla nin a nos nos deixaba tranquilos.

E ahí a tendes, enriba da escea medrando con toda a vitalidade que nos lle damos e que ela nos rouba cada día. Pero ni con iso podemos confortar a isa santa nai, sempre sufrindo por unha filla do pecado, por unha filla golfa e demáis ingratitudes.

E unha nana fúndese co sono... Ou cicáis ca morte.

E iste feito determíña amargas bágoas e prantos plañideiros... Ou pode somentes provocar un sorriso pacente e un canto de loubanza. Adepende do que mande a xerarquía. E nos ... hoxe eiquí, mañan... ¿habará mañan prós teatreiros?

E sal a luz terceira pasaniñamente o tempo que a filla tararea docemente unha cantiga de corro e a nai sube forte ca "salve" en latín...

Mañán, outra vez, se vostede quér...

## condicións técnicas

### MEDIDAS DO ESPACIO ESCENICO

embocadura: 5,50 m.

fondo : 3,50 m.

alto : 3,50 m.

Unha toma de luz pra 4.000 W.

Tensión 220 voltios.

Tempo preciso prá montaxe: 4 horas.

## o fan

FILLA.— María Barcala

NAI.— Dorotea Bárcena

MONTAXE.— "Teatro da Mari-Gaila"

FIGURINS E ATREZZO.— J.L. Martin

ASESOR PLASTICO.— Paco Conesa

DIRECCION.— Xulio Lago

TEXTO.— Dorotea Bárcena

Xulio Lago

Música.— Manuel Pombeu

W.M. INDICIA.— Xroiler Loureiro